



**EXPEDIENTE:** 778/2019

**ASUNTO:** AMPLIACIÓN DE HORARIO DE APERTURA E PECHE ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO, ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

### RESOLUCIÓN ALCALDÍA

Segundo a *Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia*, o artigo 4.c establece que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. Así mesmo, o artigo 5.f) dispón que lles corresponden aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo a dous criterios, os supostos e circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.

Segundo a *Orde do 23 de outubro de 2020, (DOG Nº 219, 30 de outubro de 2020) determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas*, artigo 8, apartado 2, corresponderalle aos respectivos concellos, segundo disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais. E segundo Artigo 9, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (1 para 2)  
SECRETARIO - INTERVENTOR  
Data de Sinatura: 22/12/2022  
HASH: e526107c0907ab6832a9fb22ff912



LUIS MENOR PÉREZ (2 para 2)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 22/12/2022  
HASH: 96bb7f07ca47c5633baa66de6cf69ee3



**RESOLUCIONS DE ALCALDIA**  
Número: 2022-1018 Data: 22/12/2022



Cod. Validación: 4RXA9C5X629SNG6C3KW6NMSW7 | Corrección: <https://concelloperreiro.setelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

En base ao anterior,

## RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas en todo o termo municipal de O Pereiro de Aguiar, nos seguintes períodos:

**Entroido:** o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos.

**Semana Santa:** o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos.

**Nadal:** o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

A ampliación do horario non poderá superar, en ningún caso, en **2 horas** os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Así o acorda o Sr. alcalde, Luís Menor Pérez, do que, en calidade de secretario-interventor, dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, no Pereiro de Aguiar, data da sinatura electrónica.

O Alcalde, Luis Menor Pérez

O Secretario-Interventor, José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.**

